

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

R.P. 2021/41838. Aprobación da normativa reguladora sobre a cesión da exposición para interiores “Nós somos elas”

Bases para a cesión da exposición “Nós somos elas” en interiores

1.-Obxecto.

Poñer a disposición de entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro con residencia na Provincia de A Coruña a adaptación da exposición “Nós somos elas” para interiores que editou a Deputación de A Coruña a través do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, sección de Servizos Sociais coa intención de difundir unha mostra de 25 paneis creada por AC Alexandre Bóveda, que pon o foco nas mulleres, retratadas no seu ámbito privado e laboral polo histórico fotógrafo de Laxe e con voz propia asinando os textos cos que dialogan as imaxes.

Esta exposición de visibilización do papel das mulleres na sociedade enmarcase como a acción 3.5.2 no eixe do Plan Provincial de Igualdade 2019-2023 adicado á consecución de cambio de valores para o fomento dunha sociedade igualitaria inclusiva e diversa.

2.-Descrición da exposición.

A exposición “Nós somos elas” para interiores consta de 25 paneis de capatex de 78x72 con canto automontable, impresas a cor, e con presentación traseira para colgar. Os paneis van arquivados en 4 caixas de cartón KRAFT, con asa de transporte fácil.

Son pezas do pasado e do presente que constrúen un relato diferente, inclusivo, que trae ás mulleres a ocupar o seu lugar na historia, a facelas protagonistas e visibilizalas”.

Mulleres acompañadas dos seus fillos e fillas son os conxuntos máis repetidos nos 24 retratos seleccionados do Arquivo Fotográfico Vidal, concretamente de José M.^a Vidal, da colección permanente do Museo de Mar de Laxe.

O arquivo está composto por máis de 67.000 imaxes, realizadas dende finais do século XIX ata finais do século XX, polos fotógrafos locais José María Vidal –de quen son a totalidade das imaxes da mostra– e o seu pai Plácido Vidal.

Os Vidal foron retratistas da vida cotiá de Laxe e toda a comarca e non houbo acontecemento social que non pasase polas súas cámaras. Festas, procesións, concentracións deportivas, actos relixiosos, personaxes populares, visitantes ilustres, nada escapou ao seu obxectivo.

O mundo rural e mariñeiro recóllese nas súas instantáneas nas que as mulleres ocupan o lugar de protagonistas en fotografías tiradas no ámbito privado e familiar que son a maior parte das seleccionadas en “Nós somos elas”.

Ana Romaní, Antía Otero, Berta Dávila, Chus Pato, Clara Vidal, Dores Tembrás, Eli Ríos, Emma Pedreira, Estíbaliz Espinosa, Eva Veiga, Helena Villar Janeiro, Lucía Aldao, Lucía Novás, Luz Pozo Garza, María do Cebreiro, Marica Campo, Marta Dacosta, Medos Romero, Mercedes Queixas, Miriam Ferradáns, Olga Patiño, Pilar Pallarés, Rosalía Fernández Rial e Yolanda Castaño son as poetas que participan na mostra, poñendo palabra ás imaxes de José María Vidal.

Exemplo de paneis:



Formato portátil da exposición para interiores:



3.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ao longo de todo o ano, unha vez aprobadas as bases e publicadas no BOP e na web www.dacoruna.gal

4.-Solicitude e documentación.

Poderán solicitar a cesión da exposición entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro con residencia na Provincia de A Coruña.

As entidades interesadas en solicitar a exposición deberán entregar no rexistro da Deputación provincial da Coruña, Avda. Porto da Coruña, 2, 15003 A Coruña, ou ben a través da sede electrónica da nosa web: www.dacoruna.gal, a seguinte documentación:

- Solicitude de cesión da exposición “ Nos somos elas” (Anexo I).
- Plano da localización onde realizárase a exposición.

5.-Condicións e obrigas.

5.1.-As entidades seleccionadas comprometeranse a seguir as directrices para a retirada e devolución da exposición, a informar das datas da exposición e a súa ubicación así como de calquera modificación ou incidencia a través do mail igualdade@dacoruna.gal

5.2.-As entidades seleccionadas faranse cargo do traslado e transporte da exposición, da vixilancia e seguridade, o que supón entregar a exposición no mesmo estado que a recibiu, de ser o caso de que algún dos paneis sufran algún desperfecto, a entidade organizadora comprométese a substituíla coas mesmas características técnicas coas que está producida.

5.3.-As entidades seleccionadas poderán contratar a maiores actividades complementarias a exposición, a Deputación no aboará ningún dos gastos complementarios relativos a calquera mellora, necesidade ou actividade complementaria.

5.4.-As entidades deberán colocar en lugar visible o logotipo da Deputación Provincial da Coruña e o de Igualdade no formato dispoñible no apartado de imaxe corporativa na web da Deputación.

5.5.-As entidades seleccionadas deberán utilizar no conxunto de soportes informativos e de difusión (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc.) a lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas, e unha linguaxe con perspectiva de xénero.

5.6.-As cesións serán intransferibles.

5.7.-O prazo mínimo de cesión da exposición é de 15 días e o máximo dun mes ampliable, motivándoo no momento da solicitude.

6.-Resolución.

A adxudicación é competencia da Presidencia da Deputación que tras o informe do Servizo ditará resolución, que será notificada a entidade e publicada na web www.dacoruna.gal

A selección das solicitudes farase conforme a orde de solicitude e a dispoñibilidade da mesma.



**SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTES
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS**

Anexo I

Boletín de solicitude DE CESIÓN DA EXPOSICIÓN “Nos somos elas”

Para os efectos de solicitar a cesión da exposición “Nos somos elas”, deberá completar os datos seguintes:

| Datos entidade solicitante | |
|---|--|
| Entidade solicitante | |
| NIF | |
| Representante da entidade | |
| NIF | |
| Teléfono contacto | |
| Mail | |
| Datos solicitadas | |
| Ubicación da exposición | |
| Breve explicación da organización da exposición | |
| | |

Documentación:

- Solicitude de participación na presente convocatoria (Anexo I).
- Plano de ubicación.

Compromisos aceptados:

- o Seguir as directrices para a retirada e devolución da exposición, a informar das datas da exposición e a súa ubicación así como de calquera modificación ou incidencia a través do mail igualdade@dacoruna.gal
- o Asumir o cargo do traslado e transporte da exposición, a vixiancia e seguridade, así como a substituír algún panel en caso de desperfectos coas mesmas características técnicas coas que está producida.
- o Colocar en lugar visible o logotipo da Deputación Provincial da Coruña e o de Igualdade no formato dispoñible no apartado de imaxe corporativa na web da Deputación.
- o Utilizar no conxunto de soportes informativos e de difusión (folletos, carteis, cuñas de audio, programas de man, etc.) a lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas, e unha linguaxe con perspectiva de xénero.

Sinatura

A Coruña, 27 de outubro de 2021.

O presidente

Valentín González Formoso

A secretaria xeral

Amparo Taboada Gil

2021/7662